



camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

Camiño Escena Norte amplía a súa presenza en Galicia e achegará as artes escénicas a trece localidades na súa sexta edición, que comezará o 13 de setembro en Compostela

O proxecto de intercambio cultural entre compañías de Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra ofrecerá funcións de teatro, danza e artes do movemento e novo circo en Santiago, Foz, Outes, Vilalba, Sobrado dos Monxes, Melide, Carballo, Vimianzo, Lugo, Ames, Arzúa, Ribadeo e Viveiro

As compañías galegas Ibuprofeno Teatro, Colectivo Glovo e Píscore levarán os seus espectáculos a Avilés, Oviedo, Villaviciosa, Laredo, Castro Urdiales, Los Corrales de Buelna, San Vicente de la Barquera, Bilbao, Mutriku, Zarautz, Pamplona, Tafalla, Sangüesa e Alsasua

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024.- Camiño Escena Norte, o programa de intercambio cultural no que participan compañías de teatro, danza e artes do movemento e novo circo de Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra, intensificará a súa presenza no territorio galego na súa sexta edición, que se celebrará do 13 de setembro ao 27 de outubro baixo o lema *A oportunidade do agarimo*. Un total de 13 localidades do país, dúas máis que no 2023, contarán con funcións desta iniciativa.

A praza do Obradoiro acolleu esta mañá a presentación da programación en Galicia, que comezará o venres 13 en Santiago de Compostela. A partir de aí, algunhas das creacións escénicas máis interesantes da carteleira percorrerán escenarios históricos ou espazos singulares de Vilalba, Melide, Carballo, Vimianzo, Lugo, Ames, Arzúa, Ribadeo e Viveiro; sedes ás que este ano CEN suma Foz e Outes, á vez que recupera Sobrado dos Monxes. Ademais, a capital luguesa será o lugar no que se celebre o encontro Habitación Peregrina PRO, no que participarán dúcias de profesionais do sector de diferentes puntos da península.

Camiño Escena Norte, que conta co apoio da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, é un proxecto que, tomando como base a ruta histórica dos camiños de Santiago do norte, ofrece ao longo de seis semanas -dez días máis que en anteriores edicións- toda unha extensa programación escénica, dirixida a todo tipo de públicos. Así, tanto a través da súa iniciativa itinerante *Ciclo Constelacións*, como doutras actividades paralelas -como é o caso dos encontros cos espectadores ou das actividades profesionais *Cruzamentos* e *Habitación Peregrina PRO*-, CEN pretende impulsar, dinamizar e visualizar o labor das compañías galegas, asturianas, cántabras, vascas e navarras.

Alén da actividade das compañías, desde o pasado 2023 CEN propón proxectar fóra de cada comunidade as programacións locais no marco da iniciativa *Vieiros*: por segundo ano consecutivo, Camiño Escena Norte escolle o FIOT de Carballo como o evento cultural de Galicia destacado para poñer en valor nos outros catro territorios.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

Ciclo Constelacións

15 espectáculos, 3 por territorio, conforman este ano o **Ciclo Constelacións**, unha programación itinerante de artes escénicas de corte xeneralista, que se ofrecerá **en máis de 60 sedes**, na que prevalece a diversidade de linguaxes, estéticas e formatos, tanto para público infantil como adulto; producións de teatro de texto, novo circo, danza e artes do movemento, creación contemporánea, espectáculos didácticos e experiencias *site-specific*.

Neste 2024, as compañías asturianas Adrián Conde Espectáculos, Teatro Plus e La Westia Producciones; as cántabras Ruth Garreta - El Conejo Salvaje e Hilo Producciones; as vascas Panta Rhei, Marie de Jongh, K. Producciones e Tanntaka Teatro; e as navarras Yarleku - El Punto Gunea, Estefanía de Paz Asín e Pájaros Pintados Creación Teatral traerán a Galicia os seus espectáculos máis recentes.

Á vez, mentres que un total de 11 compañías visitarán os escenarios do país, as galegas **Ibuprofeno Teatro, Píscore-Culturactiva e Colectivo Glovo** -quen representou unha escena de *Tabú* na rolda de prensa desta mañá- percorrerán **14 localidades de Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra no marco do Ciclo Constelacións**; mais non serán as únicas galegas presentes nesta edición: a compañía **Furia Sotelo** participará na rede de estancias **Cruzamentos**, que forman parte da programación paralela.

Deste xeito, o espectáculo de Ibuprofeno Teatro *Deadpan Karaoke*, creado por Patricia Rodríguez e Marián Bañobre, poderase ver en Alsasua, Castro Urdiales, Villaviciosa e San Vicente de la Barquera. A creación *Molto Barroco*, de Fran Rei, poderase ver da man de Píscore-Culturactiva en Avilés, Laredo, Mutriku, Tafalla e Sangüesa; mentres que *Tabú*, do Colectivo Glovo, estará en Oviedo, Bilibao, Zarautz e Los Corrales de Buena. Esta última compañía tamén presentará en Pamplona a súa creación *Alleo*, no marco da colaboración que o CEN establece neste 2024, a través da iniciativa **Vieiros**, co festival Ribera en Danza.

Camiño Expandido

En Camiño Escena Norte convive o ciclo itinerante de funcións coa actividade paralela ao mesmo, nomeada **Camiño Expandido**. É o caso das **accións de acompañamento para público** -talleres, obradoiros, dinámicas con familias-, do programa **Cruzamentos**, do encontro **Habitación Peregrina PRO**, da iniciativa **Vieiros**, do **II Catálogo de Espectáculos Recomendados CEN**, da **Oficina CEN de Cooperación Escénica**, do recurso web **Mirando as constelacións** e da colaboración coas Escolas Superiores de Arte Dramática dos cinco territorios.

Cruzamentos é un dos piares do CEN. Nesta rede de estancias de intercambio escénico, artístico e profesional participarán os vascos Hika Teatro xunto á compañía navarra Led Silhouette (no Centro Cultural Egia de Donostia, do 23 ao 29 de setembro), e a galega Furia Sotelo en colaboración cos cántabros Babirusa Danza (en A Casa Vella -Amiadoso, Ourense-do 14 ao 22 de outubro).

Habitación Peregrina PRO é o espazo de convivencia profesional onde as compañías entran en contacto, coñecen as súas liñas de traballo e propostas estéticas, profundan na realidade dos distintos circuitos de programación, exploran vías de coprodución e acceden a propostas de formación que sexan de interese para o seu desenvolvemento profesional. O encontro terá lugar un ano máis en Lugo, no centro sociocultural O Vello Cárcere, do 17 ao 19 de setembro.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

Na sexta edición percórrense aínda máis carreiros con **Vieiros**, a iniciativa que une ao CEN cun proxecto cultural de cada comunidade, co obxectivo de dar forza e contexto ao programa, ademais de proxectar fóra da comunidade as iniciativas locais. No 2024, traballarase co Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo, o FIOT (Galicia); Rincones y Recovecos (Asturias); Movimiento en Red (Cantabria); Bideart Zigoitia (Euskadi), e Ribera en Danza (Navarra).

O Camiño Expandido complétase co **Catálogo de Espectáculos Recomendados Camiño Escena Norte**, unha selección de 30 producións que serve de promoción e apoio á súa distribución fóra do ámbito do proxecto. Editado en formato dixital, está á disposición de 400 profesionais da programación de todo o Estado. Tamén estará activa a **Oficina CEN de Cooperación Escénica**, programa de consultoría e acompañamento profesional que reforza a actividade profesional de CEN, apoiando a actividade das compañías no ámbito da distribución. Finalmente, o proxecto ofrece **Mirando as constelacións**, iniciativa web sobre as sedes nas que haberá actividades de CEN, dispoñible en www.escenanorte.com.

Organización e apoios

CEN é unha iniciativa promovida polas propias asociacións profesionais de produtoras de artes escénicas Escena Galega (Galicia), EscenAsturias (Asturias), ACEPAE (Cantabria), Eskena (Euskadi) e ESNA (Navarra). Todas elas únense na supraentidade Camino Escena Norte Agrupación de Interese Económico, creada especificamente para o desenvolvemento, xestión e produción deste proxecto.

CEN conta co apoio económico de gobernos e institucións das cinco comunidades implicadas: Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais; Goberno do Principado de Asturias; Goberno de Cantabria; Goberno Vasco; Deputación Foral de Araba, Deputación Foral de Bizkaia; Deputación Foral de Gipuzkoa; Gobierno de Navarra; e Goberno de España, tanto a través do Instituto Nacional das Artes Escénicas e a Música (INAEM) como do Ministerio de Cultura. Colaboran tamén a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo.

Vegalsa-Eroski mantense como patrocinador oficial e incorpórase nesta liña a Fundación Camino Lebaniego (Cantabria). Ademais, Camiño Escena Norte conta nesta edición coa colaboración especial da asociación Te Veo de Artes Escénicas para la Infancia y la Juventud.

Funcións de Camiño Escena Norte 2024 en Galicia

13.09 | Santiago de Compostela (Praza da Quintana)

Check Out, de Adrián Conde Espectáculos (AST)

15.09 | Foz (Praza Conde de Fontao)

By ò Bu. Aproximación al no existir, de Yarleku e El Punto Gunea (NAV)

21.09 | Outes (Auditorio Casa da Cultura)

La casa de los dedos, de Ruth Garreta e El Conejo Salvaje (CANT)

27.09 | Vilalba (Auditorio Municipal Carmen Estévez)

Anónimo. La vida de Lazarillo de Tormes y de sus fortunas y adversidades, de Hilo Producciones (CANT)

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

28.09 | Sobrado dos Monxes (Mosteiro de Santa María)
La osa estelar, de Panta Rhei (EUS)

29.09 | Melide (Auditorio Municipal)
Anónimo. La vida de Lazarillo de Tormes y de sus fortunas y adversidades, de Hilo Producciones (CANT)

06.10 | Carballo (Pazo da Cultura) - Programación 33º FIOT
Olvido Flores, de Estefanía de Paz Asín (NAV)

12.10 | Vimianzo (Auditorio Municipal)
El nadador de aguas abiertas, de K. Producciones e Tanttaka Teatroa (EUS)

17.10 | Lugo (Auditorio Municipal Gustavo Freire)
El nadador de aguas abiertas, de K. Producciones e Tanttaka Teatroa (EUS)

18.10 | Ames (Auditorio Casa da Cultura do Milladoiro)
Geometría del Alma, de Teatro Plus (AST)

19.10 | Arzúa (Capela da Madanela)
El jardín de Olivia, de Pájaros Pintados Creación Teatral (NAV)

20.10 | Ribadeo (Auditorio Municipal Hernán Naval)
Mr. Bo, de Marie de Jongh (EUS)

24.10 | Viveiro (Teatro Municipal Pastor Díaz)
Ada Byron: La tejedora de números, de La Westia Producciones (AST)

Outros eventos de Camiño Escena Norte 2024 en Galicia

17.09 ao 19.09 | Lugo (O Vello Cárcere)
Encontro profesional Habitación Peregrina PRO

Para máis información:

Prensa CEN Galicia | Lucía Pita: 675 404 321 - lucia.pita@theofficeco.es

[Press kit](#) CEN Galicia 2024

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com

